Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA DO CONSELLO SOCIAL DO 13.10.2025

LUGAR: Sala II do edificio Miralles do campus de Vigo
DATA: 13.10.2025
HORA DE COMEZO: 12:10 h.
HORA DE REMATE: 13:30 h.

Asisten:

Atanes Limia, Xosé Manuel
Fernández Zunzunegui, Emilio
Lesmes Romero, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martiño Gómez, Antonio
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)

Desculpan asistencia:

Graña Nogueiras, Jesús

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

O luns, día 13 de outubro de 2025, ás 12:10 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30.06.2025).
2. Informe do presidente.
3. FEUGA: Previsión de cumprimento, operativa e calendario da proposta de eliminación de remanente. Actualización do estado dos saldos.
4. Rexistro de terreos a nome da Universidade de Vigo. Solicitude de informe á Xerencia sobre a situación actual e medidas necesarias a adoptar.
5. Salvedades sobre as contas 2024 da Universidade de Vigo: Consultas á Xerencia para clarificar a situación do remanente e do saldo de debedores de dubidoso cobro, consonte as contas anuais aprobadas polo Consello Social.
6. Aprobación definitiva da creación e participación da Universidade de Vigo na empresa spin-off CIES5SEC. (Consello de Goberno do 25 de xuño de 2025).
7. Aprobación inicial, se procede, da creación da spin-off Nexolnn.
8. Contratación da realización dun informe de auditoría externa e memorando de recomendación das contas da Universidade de Vigo de 2025 e seguintes, consonte o disposto na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG. Acordo que proceda.
9. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2025.
10. Aprobación, se procede, da aceptación de equipos doados pola Fundación FAIMEVI á Universidade de Vigo, consonte proposta do Consello de Goberno.
11. Aprobación, se procede, da ampliación de aportación de capital social a SIGMA. (Acordo do Consello de Goberno).
12. Información sobre a Oferta de Emprego Público 2025.
13. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes, nomeadamente á xerente polos informes que aporta á comisión sobre os asuntos que se lle demandan. Escusa a ausencia de Jesus Graña.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30.06.2025).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Reflexiona Juan Manuel Vieites sobre a orientación dos puntos recollidos na orde do día, significadamente dos que teñen como obxectivo que "avancemos sen preocupacións" sobre a actividade ordinaria e a economía da UVigo, "porque unha boa economía marca a boa orientación e desenvolvemento de calquera empresa".

PUNTO 3

FEUGA: Previsión de cumprimento, operativa e calendario da proposta de eliminación de remanente. Actualización do estado dos saldos.

Contextualiza Juan Manuel Vieites que xa en decembro de 2023 a comisión -á vista das reiteradas recomendación dos auditores, no seu momento, e do Consello de Contas- acordou reclamar que os remanentes dos contratos feitos polos investigadores, ao amparo do art. 83 da LOU, teñan un control e vaian a un fondo común, que fosen ingresados na Tesouraría da UVigo, para que ao final de 2025 ou en última instancia a final do mandato non quedase ningún remanente en FEUGA. O presidente propuña solicitar á xerencia que:

- Informe aos investigadores que deben liquidar coas regras de gasto de FEUGA os importes que consideren antes do 31/12/2025.
- Que tras este período, a universidade debe solicitar o ingreso dos remanentes nas súas contas, asignándoos nas AEIs (Programa de accións estratéxicas para grupos de investigación AEI-UVigo) dos investigadores que aínda dispoñan de importes pendentes de gastar, o que lles dará 3 anos máis para a súa execución dentro do regulamente das AEIs.

Lembra que a Xerencia nun primeiro momento, e o reitor despois, colleron o compromiso ante o Consello Social de cumprir a súa proposta de liquidar os remanentes existentes en FEUGA, tal e como solicitaba o Consello de Contas na última auditoría realizada á institución. Chegado outubro deste ano, esta comisión considera que é o momento idóneo para coñecer o estado actual de ditos saldos e coñecer os seguintes pasos da Xerencia para facer efectivos os compromisos asumidos.

Intervén a xerente para dar conta das xestións efectuadas cos investigadores e con FEUGA para dar cumprimento ao acordado, atopando dificultades que -a seu entender- aconsellan solicitar un aprazamento da data límite ata outubro de 2026, por ser unha data especialmente acaída por razóns orzamentarias. Oídas as razóns da Xerencia, conveñen os asistentes que se debe aceptar a prórroga, se ben o presidente recapitula que a situación se remonta a 2015 e que se debe resolver de xeito definitivo antes de outubro de 2026 e sen mais demoras nin futuros aprazamentos, pedindo á xerente o compromiso firme de facelo así, o que Yolanda Lesmes acepta. O secretario intervén para pedir que o contido de calquera comunicación que se remita aos investigadores afectados sexa coñecida previamente polo Consello Social.

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 4

Rexistro de terreos a nome da Universidade de Vigo. Solicitude de informe á Xerencia sobre a situación actual e medidas necesarias a adoptar.

Juan Manuel Vieites reitera o propósito de avanzar na solución da *salvedade* nas contas anuais relativa ao patrimonio da universidade. Mesmo nalgún pleno se chegou a pedir información sobre o estado dos terreos da sociedade CUSA e a súa titularidade. Aclara que se vén pedindo e recibindo periodicamente información da Xerencia sobre os pasos que se están a dar, pero salienta a necesidade de ter permanentemente actualizado o inventario de bens, tanto patrimoniais como de titularidade pública, postos a disposición da ensinanza superior.

Require da Xerencia que informe sobre a titularidade dos terreos cedidos ou adscritos a CUSA así como o estado actual das novas xestións realizadas para que os terreos e edificios da universidade estean correctamente rexistrados e coas licencias ou permisos oportunos.

Yolanda Lesmes -que aporta informes que se achegan a esta acta, e serán entregados e valorados no próximo pleno- comunica que xa hai un listado de bens inmobles e terreos do campus de Vigo, e a intención é seguir con Ourense e Pontevedra e revisar as valoracións. Revela os avances, as previsións e os prazos que se están a contemplar para que teña efectos no informe de auditoría do próximo ano, mesmo chegando a desbotar a necesidade de contratar a unha empresa allea para facer o traballo. Confía en que os avances que se están a dar en inmobles permitan dispor de nova información a finais de 2025, dunha información real sobre o valor económico da UVigo. O presidente remite a decembre para coñecer eses avances.

Finalmente a xerente contesta a diferentes consultas e remata por dicir que polo menos "xa temos un punto de partida", e que no tocante ao patrimonio haberá que ilo facendo "pouco a pouco".

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 5

Salvedades sobre as contas 2024 da Universidade de Vigo: Consultas á Xerencia para clarificar a situación do remanente e do saldo de debedores de dubidoso cobro, consonte as contas anuais aprobadas polo Consello Social.

Lembra o presidente que nas contas anuais do exercicio 2024 aprobadas no pleno celebrado no mes de xullo, o auditor externo informaba de dúas *salvedades*, por unha banda o tema do inventario que ven sendo un tema recorrente no que a Xerencia da universidade xa está a traballar para a súa futura solución, e como novidade nas contas do exercicio 2024, indícase que non se fixo a comparativa tras o cambio do criterio no cálculo do remanente.

Juan Manuel Vieites recoñece a preocupación do Consello Social -responsable último da aprobación das contas da Universidade de Vigo- por esta nova *salvedade*, como xa adiantou no referido pleno, solicitando á Xerencia que presente a información necesaria para levantar a *salvedade*. En concreto solicítase o seguinte:

- Táboa comparativa do cálculo do orzamento dos exercicios 2024 e 2023 co novo criterio utilizado no exercicio 2024. Na salvedade das contas indícase que non se presentou esta táboa, e para eliminar a salvedade e evitar problemas de comparación futuros é preciso que se realice o cálculo do remanente do exercicio 2023 co criterio actualizado de 2024.
- Detalle do remanente afectado para coñecer a composición dos fondos recibidos pola universidade que implicarán gastos futuros. Trátase do detalle dos ingresos recibidos na universidade que non se teñen executado e que provocarán gastos futuros. Con este detalle terase o importe do remanente afectado, o que evitará problemas en futuros cálculos.
- Detalle dos saldos de debedores de dubidoso cobro e estado actual de ditas débedas, para comprobar o seu cobro efectivo ou a súa viabilidade.

Sobre estes asuntos, a xerente aporta informes que se xuntan a esta acta, e que serán remitidos ao próximo pleno para valoración. Respecto da táboa comparativa 2023-2024 solicita que se aprace ata febreiro "dada a imposibilidade material de facela antes".

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 6

Aprobación definitiva da creación e participación da Universidade de Vigo na empresa spin-off CIES5SEC. (Consello de Goberno do 25 de xuño de 2025).

A empresa está orientada a ofrecer servizos de enxeñaría especializados en ciberseguridade, para equipamento militar e embarcado de precisa tecnoloxía avanzada para evitar fendas de seguridade nas telecomunicacións. Constitúese con un capital de 3.000 € e a UVigo participa no accionariado cun 4%.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 7

Aprobación inicial, se procede, da creación da spin-off Nexolnn.

A iniciativa focalízase no mercado das tecnoloxías limpas e diríxese a sectores industriais como cementeiras e siderúrxicas, química, papelería, plantas de tratamento de augas residuais ou centrais térmicas e refinerías. Constitúese cun capital social de 3.000 € e a participación da UVigo no accionariado cunha porcentaxe do 4%.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 8

Contratación da realización dun informe de auditoría externa e memorando de recomendación das contas da Universidade de Vigo de 2025 e seguintes, consonte o disposto na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG. Acordo que proceda.

Proponse iniciar os trámites necesarios para sacar un novo expediente para auditar as contas de 2025 e 2026, dado que o contrato anterior asinouse en xuño de 2022 (para as contas de 2021 e 2022) cunha duración de dous anos, máis outros dous de prórroga.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 9

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2025.

Contabilízanse aproximadamente 240 convenios asinados nestes meses, trinta deles con dotación económica e cunha soa observación menor da Asesoría Xurídica nun deles.

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 10

Aprobación, se procede, da aceptación de equipos doados pola Fundación FAIMEVI á Universidade de Vigo, consonte proposta do Consello de Goberno.

Informan o presidente e a xerente sobre os equipos obxecto da doazón aos laboratorios do Departamento de Enxeñaría eléctrica, así como das vantaxes que reportará o seu uso nas prácticas do alumnado. O valor estimado da doazón é de 2.000 euros.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 11

Aprobación, se procede, da ampliación de aportación de capital social a SIGMA. (Acordo do Consello de Goberno).

Resumida polo presidente a documentación que se achega, a xerente explica a ampliación de aportación de capital social pola incorporación de dúas novas universidades, en especial no caso da Universidade de Barcelona polo *"espaldarazo"* que lle outorga a SIGMA.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 12

Información sobre a Oferta de Emprego Público 2025.

Vista a documentación que se achega neste punto, que se recolle na orde do día a título informativo, tanto o presidente como parte dos asistentes conveñen en reclamar que se controle o capítulo I, e pídeselle á xerente que se busque un equilibrio tendo en conta a tendencia á baixa do alumnado. Yolanda Lesmes remítese á taxa de reposición como referente para facer o relevo. Ábrese unha rolda de opinións na que Juan Manuel Vieites pide aplicar "control e sentidiño", e que remata a xerente informando de negociacións sindicais en PDI, e dando conta da existencia de previsións e proxeccións a tres e cinco anos, tamén no caso das xubilacións.

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 13

Rogos e preguntas.

Expón Xosé Manuel Atanes que o Tribunal Supremo ven de desestimar o recuso presentado pola UVigo para non abonar unha débeda contraída co persoal investigador dos programas Margarita Salas e María Zambrano. Engade que a UVigo retivo ilegalmente nas nóminas deste persoal a "Cota Patronal" que supón unha importante cantidade de diñeiro. Son en total 38 persoas afectadas, 30 do programa

Margarita Salas, cun salario entre 2.800 e 3.500 € e 8 do programa María Zambrano cun salario de 4.000 €. Aclara que no caso da cantidade menor, a retención é de 669 €/mes, que multiplicado por 36 meses (tres anos) fai unha cantidade de 24.084 €, e se se multiplica por 38 persoas a débeda ascende a un millón de euros. (Todos estes cálculos son aproximados, segundo precisa). Pide información ao respecto.

A Xerente responde que é sabedora do caso, que a cantidade real a pagar ascende a 1.300.000 €, pero que a UVigo ten xa orzados dous millóns para facer fronte a débedas xudiciais. Tamén comenta que se reunirá en breve coas persoas afectadas e que a intención é de proceder a pagar a todas as persoas afectadas o antes posible, máximo en dous anos.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:30 horas do 13 de outubro de 2025, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
(Asinado dixitalmente)

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
Firmado digitalmente por Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
Fecha: 2025.12.22 13:43:30 +01'00'

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)

RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Firmado digitalmente por RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Fecha: 2025.12.19 10:42:19 +01'00'